



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Vigo, 03 de Febreiro de 2022.

Á atención de tódolos Clubs,

Publícase na páxina web www.fegaxa.org toda a información da Liga Galega por equipos de Club 2022 (calendarios, locais de xogo, capitáns, modelos de actas para os encontros, etc.).

Lémbrese que as Roldas deberán comezar ás 17:00 horas.

Tamén publícanse as instrucións para levar a cabo o rexistro das Actas a través da Web. O prazo máximo para o **REXISTRO** por parte do equipo local e **CONFIRMACIÓN** por parte do equipo visitante do acta do encontro son os **martes despois da disputa do encontro ás 19:00 horas**.

O Regulamento da Liga Galega de Clubs atópase na sección "Regulamentos" da páxina Web: www.fegaxa.org, no Título VIII do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA.

Todo xogador para competir na Liga Galega por equipos de Club 2022 **deberá estar correctamente federado e alineado a traves do programa XEFEGA**. A partir do 07 de Febreiro de 2022 o estado "FEDERADO" terá que ser confirmado pola federación, por tal motivo, previamente terá que ter abonada a cota da licenza e dado de alta no seguro deportivo correspondente.

Pregamos que se envíe notificación, das novas incorporacións, por e-mail (fegaxa@fegaxa.org) cá copia do/s ingreso/s, debendo ter entrada na Federación antes das 12:00 horas dos venres anterior de cada rolda para poder realizar ditas xestións, sempre respetando o prazo máximo de alineacións das 48 horas antes da 6ª rolda.

Se dito xogador non se atopa federado e alineado correctamente có seu abono da licenza terase en conta como unha alineación indebida.

Moitas grazas e saúdos,


Raquel Calleja
Federación Galega de Xadrez

